

# CENTRO ETNOGRÁFICO DE TERRA DE MONTES

a malla  
lume manso  
besadoiro

pasaporte  
fiada  
alcoba

ofícios  
verbo xido  
cereiros



**Textos:** Alicerce ([www.alicerce.es](http://www.alicerce.es))

**Fotografías:** César Candamo

**Maquetación:** César Candamo

**Coordinación:** Juan Ángel Anca Calvo

**Impresión:** Tórculo Artes Gráficas, S.A.

**Depósito Legal:** DLG C 2896-2011

Publicada polo Centro Etnográfico de Terra de Montes (CETMo)

Dende o CETMo agradecemos á familia de Virxilio Viéitez, fotógrafo de Soutelo de Montes, por cedernos o uso de parte da súa extraordinaria colección fotográfica

E tamén agradecemos a colaboración prestada por Francisco Rozados, Carlos Solla, Pepe Espiña, a familia Gil Pita e a familia Ramos

Boa parte da cántigas citadas no texto proceden da obra de Carlos Solla: *Cantares de Manuela de Barro. Achegas ao cantigueiro de Cerdedo* e proceden da memoria prodixiosa de Manuela Cortizo Medal

# Índice

	Créditos	3
	Índice	4
<b>1. Centro Etnográfico de Terra de Montes</b>		<b>7</b>
<b>2. O Territorio: A Terra de Montes</b>		<b>11</b>
<b>3. O Edificio: A casa familiar</b>		<b>13</b>
<b>4. A Exposición: O mundo agrario tradicional</b>		<b>15</b>
<b>5. Portas adentro: A casa</b>		<b>17</b>
	A alcoba	18
	De nenos a homes	19
	Esta noite hai unha fía...	20
	Peza destacada: O tear	24
	Ora et labora: A relixión	25
	Peza destacada: Confesionario portátil	27
	A fin da cultura tradicional: A emigración	28
	Peza destacada: A radio	31

<b>6. Os oficios da Terra de Montes</b>	<b>33</b>
Os oficios da madeira	34
Peza destacada: A mesa do carpinteiro	35
Os arghinas de Terra de Montes	36
O verbo xido	40
Sobre cirios e abellas: Os cereiros	41
Peza destacada: A paila dos cereiros	44
Batendo o ferro	45
<b>7. Da leira á lareira</b>	<b>47</b>
De sol a sol: o traballo do campo	47
Peza destacada: O besadoiro	50
A lume manso: A alimentación	51
<b>8. O CETMo: Actividades</b>	<b>54</b>
<b>9. Bibliografía</b>	<b>55</b>



Centro de Montaña  
Soutelo de Montes  
Concello de Forcarei  
Pontevedra

Centro de Montaña  
Soutelo de Montes  
Concello de Forcarei  
Pontevedra

Centro de Montaña  
Soutelo de Montes  
Concello de Forcarei  
Pontevedra

Centro de Montaña  
Soutelo de Montes  
Concello de Forcarei  
Pontevedra

Centro de Montaña  
Soutelo de Montes  
Concello de Forcarei  
Pontevedra

**Enderezo:**

Camiño do Pouso, nº 2  
36560 Soutelo de Montes  
Concello de Forcarei  
Pontevedra.

**Horarios de visita**

Sábados e domingos  
mañás 11:00 a 13:30  
tardes 17:00 a 20:00

Resto dos días: previa cita no 986 75 61 91  
ou no 696 51 30 33

<http://www.cetmo.info>

# 1. Centro Etnográfico de Terra de Montes

O Centro Etnográfico de Terra de Montes (CETMo) atópase no Camiño do Pouso, 2, Aldea de Arriba, Soutelo de Montes (Forcarei). A Aldea de Arriba é o núcleo tradicional do pobo e onde se poden ver aínda os últimos exemplares de arquitectura tradicional da poboación: eiras, hórreos, casas de pedra con forno e teito de laxas, paleiras... O antigo camiño real de Castela pasa preto do edificio e internase por entre unha fraga autóctona á saída do pobo.


Nel expónse unha completa colección de pezas da cultura agraria tradicional da Terra de Montes entre finais do séc. XIX e a década de 1970. Non se trata na súa maior parte de obxectos raros ou singulares, senón de instrumentos e trebellos que usaban de cotío as xentes da rexión. Actualmente consta de máis dun milleiro de pezas das cales a maioría están expostas ao público.



A orixe deste Centro parte dos traballos de recompilación de obxectos da cultura material agrícola tradicional

iniciados en 1992 e que durante anos foron realizando Constantino González Penas e os seus fillos Alfredo González Ruibal e Bruno González Ruibal, por todo o territorio da Terra de Montes.

O principal obxectivo do Centro Etnográfico é mostrar aos visitantes como se vivía no vello mundo agrario tradicional que esmoreceu por completo pola década de 1980. Ao mesmo tempo séguese a realizar un intenso labor de rexistro e documentación da arquitectura vernácula da zona, así como de recolleita de vocabulario, folclore e historias de vida. Neste sentido tamén os veciños da Terra de Montes fixeron posible a creación do Centro entregando pezas e fornecendo información sobre elas.

No CETMo ten ademais a súa sede a asociación *Verbo Xido*, nacida no ano 2001 para promover actividades de tipo cultural, etnográfico e medioambiental nos territorios que compoñen historicamente a bisbarra de Terra de Montes.





## 2. O Territorio: A Terra de Montes

O CETMo localízase na comarca histórica de Terra de Montes, que comprende os concellos de Cerdedo e Forcarei e algunhas parroquias da Estrada, Cotobade, Lalín, A Lama e Beariz; este último xa na provincia de Ourense.

É un área de media montaña delimitada polas serras do Seixo e do Candán e os montes do Testeiro, con alturas comprendidas entre os 400 e os 1000 m. Dende o punto de vista xeomorfolóxico é unha zona dominada polo xisto, amplamente utilizado nas construcións populares, pero tamén hai unha área granítica no concello de Cerdedo e no Norte de Forcarei.

O Río Lérez, a súa principal arteria fluvial, atravesa o territorio dende o seu nacemento na Serra do Candán ata a desembocadura formando a ría de Pontevedra. Pero tamén o regan o río Umia que nace algo máis ao norte, o Verdugo que ten a orixe ao sueste de Forcarei e abundantes regatos de moi pouco caudal.

Historicamente, as primeiras referencias á Terra de Montes aparecen en documentos altomedievais cos nomes de Montes e Montesmeta. Neste momento a comarca incorpórase á sé de Iria Flavia e consolídase como territorio con personalidade propia na época de Xelmírez coa construción da fortaleza do Castro de Montes e co establecemento do seu goberno a través dos xuíces meiriños. Un dos grandes referentes históricos do territorio foi o mosteiro de Acibeiro.

Tradicionalmente foi un área de economía agropecuaria de subsistencia ata practicamente a década de 1980. Tamén dentro das actividades secundarias foi moi importante o oficio de canteiros. Durante o séc. XX todo o territorio foi duramente afectado pola emigración cara ó exterior e ás cidades. Isto provocou abandono dos asentamentos rurais, e o desprazamento da súa poboación ás zonas urbanas e cara o sector servizos.

Actualmente os núcleos de poboación máis importante son Cerdedo, Forcarei, Beariz e Soutelo de Montes.





## 3.0 Edificio: A casa familiar

O edificio no que se atopa o CETMo é unha antiga vivenda e constitúe un interesante exemplo da arquitectura vernácula da Terra de Montes.

Orixinalmente a casa pertenceu aos Viéitez, unha familia relativamente acomodada que mesmo dispuña de caseiros traballando nas súas terras. Un dos seus membros, Manuel Vieitez, canteiro de profesión, emigrou aos Estados Unidos e posteriormente os seus fillos tamén seguiron o mesmo camiño marchando a Venezuela e a Estados Unidos. Foi a un deles ao que se lle mercou no ano 2000 a casa, xa abandonada, para acoller no seu interior a colección iniciada por Constantino González Penas.

Trátase dun edificio de dúas plantas feito a base dun aparello de xisto ben traballado, como é habitual nas construcións da zona. A súa disposición en dous andares tamén é bastante corrente. Orixinalmente na planta baixa

atopábase a corte, parcialmente escavada na rocha e sen fiestras, onde gardaban ata catro vacas e os trebellos de labranza. O piso baixo uníase coa parte de arriba por unhas estreitas escaleiras de madeira. Ali estaban a “sala de respecto”, os dormitorios e a cociña coa lareira e forno. Ao andar superior accédese tamén por un corredor de grandes laxes de granito con escaleiras de cantería da mesma pedra.

A casa remodelouse parcialmente para eliminar reformas dos anteriores donos que mudaran a estrutura orixinal e para dar unha mellor cabida á colección. A cociña recolocouse no piso inferior compartindo espazo coas antigas cortes, mantendo por tanto a distribución espacial máis habitual na zona. No piso de arriba conserváronse os dormitorios do matrimonio e do neno e mantivéronse tamén as paredes medianeiras orixinais a base de táboas de madeira.



*Imaxes do interior do CETMo*



## 4. A Exposición: O mundo agrario tradicional

A Exposición distribúese entre os dous andares da casa. O fío condutor da mesma é a vida cotiá da Galicia agraria tradicional na Terra de Montes. Un mundo xa desaparecido pero moi próximo a nós porque aínda se perciben as súas pegadas na paisaxe e nas xentes.

A sociedade agraria tradicional galega configúrase durante a Idade Media e sobrevive non sen cambios e adaptacións ata aproximadamente a década de 1970. Era unha sociedade campesiña cunha base económica agropecuaria de subsistencia e unha forte vinculación coa terra. Cultivábase e recollíase o necesario para vivir. Nunha paisaxe de pequenas explotacións, dominada polo minifundio, cada familia dispuña de 2 ou 3 vacas, unhas galiñas, 1 ou 2 porcos e algunha ovella. Era tamén un mundo pouco monetarizado onde o diñeiro só entraba na casa froito da venda na feira dos escasos excedentes (ovos, galiñas, xamóns...) ou do que tecían as mulleres.

Unha das súas características fundamentais é o forte carácter comunitario reforzado a través dunha serie de actos colectivos nos que participaban os veciños: Os traballos comunais, as festas, os velorios, as romarías...

A comunidade está por riba do individuo e isto reflíctese na construción da paisaxe. A ética comunitaria impón unha arquitectura igualitaria. Nas aldeas as diferenzas sociais non son tan marcadas como nas cidades, o que se traduce nunha grande uniformidade construtiva.

Tampouco existía unha idea do privado coma hoxe en día. Este concepto irá penetrando dende o séc. XVIII, por influencia da cultura urbana e da fidalguía pacega e terminará por impoñerse coa modernidade e progreso traídos polos emigrantes no séc. XX. O elemento que máis absorberá esta concepción será a vivenda na que se crearán espazos privados, como os dormitorios, que antes non existían.

Serán ademais os emigrantes os que racharán definitivamente o código comunitario rexeitando o mundo tradicional, e a escravitude do traballo da terra e erguendo un novo tipo de construción por todo o territorio.



Imaxe da alcoba no CETMo

## 5. Portas adentro: A casa

Na primeira parte da Exposición o fío condutor é a casa e o mundo doméstico. Unha área que estivo intimamente ligado á muller.

Sen embargo hai que resaltar que en Galicia a casa era moito máis que o simple edificio-vivenda. Dende un punto de vista sociolóxico a casa era un concepto que designaba á familia e o seu patrimonio, no que a vivenda ocupaba un lugar destacado. Esta identidade era tan marcada que moitas familias son coñecidas aínda hoxe en día pola casa na que viven ou viviron: os do crego, os do chalé...

A construción dunha nova casa era un acontecemento de grande importancia que moitas veces se sancionaba co costume de botar sangue dun animal doméstico sacrificado sobre os alicerces. Era tamén un traballo no que colaboraban tódolos veciños carretando o material. Se hai un elemento que diferencia a casa tradicional respecto da vivenda contemporánea, ese é a estreita

relación co traballo do campo. O feito de que cociña e cortes estivesen habitualmente na planta baixa, unha a carón da outra, era boa mostra da continuidade do traballo agrícola e doméstico. Os edificios tradicionais, non adoitan ser simétricos, senón que eran estruturas orgánicas que se construían ou se ampliaban adaptándose as necesidades do traballo no campo.

A casa é un dos elementos que máis mudou en Galicia e na Terra de Montes. O responsable deste cambio foi en grande medida o fenómeno da emigración. Xa dende comezos do séc. XX os indianos comezaron a erguer vivendas que incorporaban elementos dos países aos que emigraran. A partires da década de 1960 esta tendencia xeneralizouse cos emigrados a Europa que comezaron a levantar novas casas cos novos materiais do mundo capitalista e industrializado. Levados por unha nova concepción de progreso que identificaba o agro con atraso, penurias e escravitude, mudaron para sempre a paisaxe construtiva de Galicia e Terra de Montes.



### A alcoba

As casas máis antigas e humildes en Galicia e na Terra de Montes eran normalmente de planta terrea. Nelas non se diferenciaban demasiado os espazos e a zona de durmida máis habitual era a mesma cociña. Ao longo do séc. XX foise impoñendo a idea de privacidade que levou a aparición de diversas dependencias nas casas e á separación da cociña do dormitorio. Así a parte baixa quedaba para cociña e no sobrado situábase o dormitorio, normalmente unha soa dependencia onde se colocaban tódalas camas arrimadas contra as paredes. Posteriormente incluíronse novas divisións con tabiques de pallabarro ou, coma no caso do CETMo, de madeira, para diferenciar o cuarto do matrimonio de novos espazos que agora se incorporaban.

No CETMo recreáse o dormitorio dun matrimonio de mediados do séc. XX. Xeralmente era un lugar no que se pasaba pouco tempo e isto reflíctese na sobriedade do seu mobiliario. Só se usaba diariamente para durmir e fora disto en caso de enfermidade ou de morte para o velorio.

O moble principal, e con frecuencia o único, era a cama, neste caso cunha interesante cabeceira de ferro forxado. O colchón era brando porque enchíase co follato do millo. Era frecuente que ao carón do leito houbera unha mesiña de noite cunha vela ou un candil sobre ela e un penico para mexar na parte de abaixo. O mobiliario podía completarse cun baúl para gardar a roupa e un lavamáns para o aseo matutino, posto que daquela non se dispoñía de auga corrente nin cuarto de baño nas casas.



O dormitorio perdía a súa privacidade cando había defunto na casa. Entón retirábase a cama e colocábase no seu sitio un cadaleito co morto arrodeado de cirios alumeando, para que os veciños puidesen ir presentarlle os seus respectos.

## De nenos a homes

O mundo dos nenos está representado dende o seu nacemento, cando a súa educación é competencia exclusiva da nai, ata o momento que ingresa na escola. Dos primeiros anos dos nenos temos algunhas pezas interesantes como o berce, as gaiolas ou un andador.

A infancia na Galicia rural era moi diferente ao que coñecemos hoxe en día. Unha das características definitorias era a existencia do traballo infantil. O grupo familiar precisaba tódalas mans posibles para unha cantidade inxente de traballo agrícola. Así o neno dende moi cedo tiña que dividir o seu tempo entre o lecer e os traballos da terra. Os traballos máis frecuentes que se lle encomendaban era o de pastar os animais: ovellas e vacas.

Cando comezaban a escola tamén debían compatibilizala cos traballos do campo e deixaban de ir ao acumularse os labores agrarios. Na Terra de Montes adoitaban ir á escola máis tempo os nenos que as nenas. Isto xustificábase porque elas de maiores permanecerían comarca, mentres que os homes tiñan que gañar o pan fora traballando de canteiros ou na emigración.



*Un dos poucos espadeleiros decorados de Terra de Montes*

A vestimenta do neno ata os anos 60 era moi similar á dos adultos. Adoitaban levar boina e chaqueta. A diferenza estaba nos pantalóns curtos que levaban ata aproximadamente os 12-15 anos. Neste momento comezaba a vestir pantalón longo e ir ás mozas, o que representaba o ingreso de cheo no mundo dos adultos. Unha das grandes diferenzas con respecto aos tempos modernos é que os nenos fabricaban boa parte dos seus xoguetes. Na Exposición temos bos exemplos disto como o tirapedras, as trampas para os paxaros denominados panterlos. Noutros casos, cando a complexidade aumentaba, eran os maiores quen os confeccionaban, normalmente de madeira.

## Esta noite hai unha fía...

Un dos aspectos máis interesantes da sociedade tradicional que se aborda no CETMo, era o mundo do tecido, que seguía a ser territorio exclusivo das mulleres.

En Galicia ata as décadas de 1950-60 tivo unha importancia fundamental o cultivo e procesamento do liño, ata o punto que os panos galegos foron unha referencia na Península entre o séc. XVIII e gran parte do séc. XIX. Sen embargo dende comezos desta centuria a produción de liño entra en decadencia pola competencia da materia prima rusa e holandesa primeiro e dos tecidos cataláns despois. Isto fixo que tanto o cultivo do liño como a confección de teas en Galicia fose esmorecendo aos poucos.

Galicia e a Terra de Montes en particular, tiñan un clima moi favorable para o cultivo desta planta, pois había boa terra e auga en abundancia. Pero ao liño había que dedicar

tamén moito tempo e iso debeu influír na progresiva desaparición da actividade.

O liño galego, apesares da súa grande demanda durante este período, nunca pasou de ser unha actividade fundamentalmente artesá que estaba estreitamente vinculada aos traballos da casa. A grande vantaxe era que garantía uns constantes ingresos monetarios na unidade familiar. Hoxe xa non se cultiva pero en moitos lugares queda o recordo desta ocupación na toponimia con nomes como Liñares, Liñaio, Liñarengo...

No CETMo está representado todo o proceso de traballo co liño a través dunha grande variedade de obxectos. Os labores comezaban polo mes de abril coa sementeira e non remataban ata o ano seguinte pola mesma época en que o fío estaba en condicións de ser tecido. A finais da primavera xa botaba flor e había que segalo. Facíanse mollos e ripábanse no **ripo ou ripanzo**, para tirarlles a semente. Logo **empezábanse** no río durante 15 ou 20 días para que as plantas fosen liberando a casca. Ao sacalas, secábanse ao sol e a seguinte operación era o **mazado** para retirar a última parte leñosa da planta. Nos últimos meses do ano faise a **espadela**. Para isto batíase un instrumento de madeira con forma de macheta de carnicero coñecido como espadela, sobre unha estriga (pequeno mollo de liño), que se apoiaba sobre o **espadeleiro**, que era unha táboa chantada verticalmente sobre unha sorte de banco de madeira. Con isto sepáranse as fibras boas das defectuosas e aínda se volvía a espadelar no que se chamaba **tasca**, que se fai co tascón. Despois disto viña a **aseda**, para separar o liño da estopa e facíase co restrelo, que era unha especie de cepillo con dentes de ferro. Con isto quedaba o liño xa listo para ser convertido en fío.



Mulleres de Forcarei fiando no liño diante da casa de Rapado, ano 1951 (Foto de Manuel Barreiro)



Ripado



Mazado



Espadelado



Tasca

Aseda



Sarillo



Debandeira




Fiada



Os diferentes pasos no proceso de elaboración do liño antes de chegar ó tear (Debuxos de Alfredo González Ruibal)

O seguinte paso, a **fiada**, comezaba polo mes de novembro. Era unha actividade de gran transcendencia social porque adoitábase facer en grupo, pola noite entre as 9 e as 12, nunha casa a onde acudían tódalas mulleres. Estas xuntanzas eran un acontecemento social cun marcado carácter festivo porque nelas cantábanse coplas e con frecuencia remataban nun baile. Ese carácter social, facía que a elas acudisen tamén algúns mozos para mocear coas rapazas máis novas, polo que resultou bastante frecuente que as fiadas fosen mal vistas polas autoridades eclesiásticas e mesmo chegasen a prohibilas. A fiada facíase coa roca nunha man e o fuso que ía torcendo o liño noutra. O fío torcido enroscábase na roca e conforme se vai fiando o fío vaise poñendo no **sarillo**, instrumento con aspas en forma de cruz do que saían as madeixas ou marañas. As madeixas cocíanse con xabón ou cinsa de carballo para branquexalas e finalmente pasaban pola **debandeira** coa que se facía os nobelos. Agora xa se podía pasar ao tear.



O tear e as súas partes. Debuxo de “La ilustración gallega e Asturiana”, de finais do séc. XIX recollido por Rodríguez Calviño e Sáenz-Chas.

## Peza destacada: O tear

O tear que temos no CETMo é un exemplar de grande tamaño que pertenceu a unha tecedeira do lugar de Quintelas (Forcarei). A súa construción parece que data de mediados do séc. XIX.

En esencia o tear é unha complexa armazón de madeira na que se fai o cruzamento dos fíos que forman o tecido: A urdime e a trama. Consiste en catro patas unidas por trabes; das trabes están suxeitos os caneleiros, que conteñen os lizos (os fíos grosos a través dos que pasa o urdido); o peite serve para tecer o pano. A lanzadeira é un instrumento de madeira que serve para pasar o fío. As premedeiras son dous paus ou pedais que cruzan os lizos. Están tamén os orgos que son para enrolar e desenrolar a tea.

Normalmente cando se lle encargaba un traballo á Tecedeira, eran os clientes os que poñían a materia prima.

Na Terra de Montes tiñan sona as tecedeiras da zona de Zobra e a Trigueira, entre os concellos de Lalín e Forcarei. As mulleres de Trasdomonte (Forcarei) camiñaban varios quilómetros polo monte para levarlles os meados de liño a tecer; traballábase o liño pero tamén a la e os farrapos. Moitas veces combinábanse as distintas materias. Un exemplo son as mantas coñecidas como farrapeiras, que levaban a urdime de liño e a trama de farrapos.

Outra profesión que estaba relacionada co tecido era a das costureiras. O seu principal instrumento era a máquina de coser, unha ferramenta de traballo moi cara e que non estaba facilmente ao alcance do poder adquisitivo de calquera. Estas profesionais podían ter taller propio pero era corrente que fixeran o seu traballo de casa en casa transportando a máquina sobre a cabeza. No CETMo podemos ver varios exemplos destas máquinas e tamén de ferros de pasar...




## Ora et labora: A relixión

Na Galicia rural tradicional a relixión ten unha importancia fundamental como elemento de cohesión social. Neste senso ten unha dobre dimensión que afecta tanto á casa como á posición da mesma fronte a comunidade de veciños.

Son moitos os actos e ritos relixiosos que se fan de portas a fora: as festas, os enterros, os romarías... Pero hai cousas que acontecen tamén de portas a dentro. Un dos actos máis habituais foi o rezo do rosario, promovido pola Igrexa Católica durante a Idade Moderna e especialmente dende a década de 1920. Foi este un ritual obrigado en case tódalas casas e adoitaba facerse case sempre pola noite despois da cea. Neste momento debían estar presentes tódolos membros da familia.

Cando morría alguén na casa como xa vimos había que facer un velorio. Este era tamén un ritual que estaba perfectamente codificado. Facíanse no dormitorio ou na



*Un velorio na Terra de Montes na década de 1960  
(Fotografía de Virxilio Viéitez)*



*Esmoleiro de madeira policromada do século XVIII*

sala, nas casas que dispoñían desta dependencia, e co corpo presente sobre o cadaleito. Ao seu redor estaban presentes de xeito permanente as mulleres da familia e os veciños entraban para presentarlle os respectos ao defunto. Era moi habitual que na mesma casa se celebrase tamén unha comida para os familiares e os veciños máis achegados. A estes convites asistía normalmente tamén o cura e servíanse viandas extraordinarias con maior presenza de carne.

No CETMo podemos observar unha interesante mostra de obxectos relacionados coa relixión entre os que destacan varios petos ou esmoleiros de madeira policromada, un confesionario portátil ou varios exvotos de cera, que se usaban para pedirlle a un santo a curación dunha determinada parte do corpo.

*Agora vénche a Coresma,  
Non é tempo de cantar,  
Están os santos de loito  
e pódense moito amolar*



## Peza destacada: Confesionario portátil

Unha peza bastante singular é o pequeno confesionario portátil atopado en San Miguel de Presqueiras.

Este pequeno moble é en esencia un banco de madeira no que se sentaba o sacerdote e leva unido nun extremo unha táboa vertical cunha especie de celosía. Do outro lado sentábase sobre outro banco a persoa que se ía a confesar.

Usábase normalmente en días sinalados cando había varios curas e moita xente esperando pola confesión ou en romarías e festividade importantes para confesións de campaña ou ao aire libre.

Unha cuestión interesante é que normalmente só eran usados polos homes. A moral tradicional obrigaba a que as mulleres se confesaran no recollemento e intimidade dos confesionarios tradicionais pechados, mentres que os homes non importaba que foran a cara descuberta. As autoridades relixiosas desaconsellaron durante boa parte da Idade Moderna o seu uso por deixar aos confesantes excesivamente expostos ás miradas indiscretas da xente.



*A señora Dorotea de Cará de luto posando coa súa radio, símbolo de novos tempos. (Foto de Virxilio Viéitez)*



*Foto de Virxilio Viéitez pola década de 1960*

## A fin da cultura tradicional: A emigración

A seguinte sección do CETMo fálanos da emigración, un dos fenómenos máis importantes da historia recente de Galicia. Na Terra de Montes dende da Idade Moderna era coñecida a emigración temporal dos canteiros ao interior da Península e o sur de Francia. Sen embargo, o grande ciclo migratorio comeza a finais do séc. XIX cara a América e ten unha segunda fase na década de 1960 cara a Europa. Arxentina, Uruguai e Venezuela foron os destinos máis frecuentes na primeira vaga de emigrantes. Na Terra de Montes o éxodo foi tamén a Estados Unidos, Brasil (Forcarei e Cerdedo) e México (Bearíz). Suíza, Francia, Alemaña, Inglaterra e Holanda xunto con Cataluña, País Vasco e Andorra, na segunda. Ao mesmo tempo vaise producindo un éxodo ás cidades e vilas que provoca nun proceso de abandono e despoboamento dos vellos núcleos rurais. Forcarei e Cerdedo, por exemplo, reducen a súa poboación á metade entre comezos do séc. XX e a década de 1990.

Os motivos deste éxodo masivo sempre se buscaron

*Cando pasei por Soutelo,  
Os meus ollos eran fontes;  
adeus montes de Soutelo  
adeus Soutelo de Montes*

principalmente en factores demográficos e económicos. O incremento de poboación provocado pola xeneralización do cultivo do millo no séc. XVIII chegou ao límite no séc. XIX. A terra non podía soste un número tan elevado de persoas. Unha das consecuencias foi a emigración. Outros elementos de tipo sociolóxico xogaron tamén o seu papel. Un deles con bastante relevancia na Terra de Montes foi a existencia dos vinculeiros. É dicir, o costume das familias de transmitir as herdanzas ao fillo máis vello, para non disgregar o patrimonio. Os demais irmás debían decidir por tanto entre quedar na casa traballando para seu irmán e a emigración se querían aspirar a formar un fogar e unha nova familia.


Na Terra de Montes o impacto da emigración foi brutal. Unha das consecuencias máis dramáticas foi o abandono das aldeas, maior nos lugares máis apartados e con menos vantaxes económicas. Exemplos disto son as aldeas de Grovas (Forcarei) , Fraguas (Cerdedo) ou Adrián (entre A Lama, Forcarei e Beariz).

GARY, 26/1/24

Señora Peregrina yo soy  
Monolo y ahora mismo estoy en la  
casa de Dolores. De vine tras los  
años que le mande Corcha y  
también los recuerdos de M.  
Pues Dolores va tirando poco a  
poco, ahora está un poco enfermecha  
y no puede andar muy bien pero

Carta enviada á señora Peregrina Cadavid

Pasaporte dun emigrante de Terra de  
Montes en México



A emigración transformou de maneira irreversible o mundo rural ata a súa desaparición. A emigración americana non chegou a ser tan masiva, de feito os autores apuntan que na Terra de Montes nunca chegou a ser máis do 13%. Comprar a pasaxe do barco implicaba ter un respaldo económico que non todos se permitían. Non obstante, o impacto desta emigración foi importante no mundo das mentalidades porque xerouse un novo ideal de progreso e de éxito baseado na figura dos indianos que regresaban con cartos, levantaban casas ostentosas e mercaban grandes coches: os coñecidos haigas.

O cambio foi maior na segunda vagada emigratoria e vaise percibir perfectamente na cultura material porque producírase a xeneralización de toda unha serie de novos artigos que ata ese momento eran impensables para un campesiño. Automóbiles, chalés, reloxos, traxes de algodón... comezan a aparecer e a mudar a vella paisaxe

agraria. Os novos elementos que agora se introducen proceden do mundo capitalista e obreiro e da súa man vaise mudar tamén o sistema de valores tradicionais. O campo, o traballo da terra vese cada vez máis relacionado co atraso e aséntase unha nova concepción de progreso simbolizada pola cultura material que trae nos emigrantes.

No CETMo podemos ver algúns dos obxectos que representaron mellor os cambios que trouxo a emigración á Terra de Montes. Exemplos senlleiros son as equipaxes que levaban os emigrantes e o seu tamaño é maior en función da distancia dos destinos: os grandes baús empregáronse nas viaxes a ultramar, mentres que as maletas máis pequenas leváronse a Europa ou destinos nacionais. Outras pezas interesantes son as cartas, que mantiñan os lazos cos que quedaban na terra, as radios, os pasaportes...

## Peza destacada: A radio

A radio que se expón no CETMo é un aparello dos anos 40 adquirida no lugar de Quintelas. Resulta unha excelente mostra dos obxectos que trouxeron os emigrantes á Terra de Montes e que contribuíron a mudar a paisaxe e a mentalidade agraria.

As radios xunto cos automóviles contribuíron máis que outros obxectos a crear unha nova concepción das distancias e da comunicación. Os pequenos límites das aldeas campesiñas comprenden agora practicamente o mundo enteiro que é accesible coas novas máquinas. Virxilio Viéitez, fotógrafo de Soutelo de Montes (Forcarei)

que comezou a traballar pola rexión nos anos 1960 ten numerosas fotos, algunhas expostas no CETMo, que reflicten a importancia sociolóxica destes obxectos. Nelas, aparecen as xentes da Terra de Montes posando orgullosas diante dos novos obxectos de prestixio: as radios, os coches e as motos. Unha das fotos máis coñecidas neste sentido é a de Dorotea do Cará, feita en Soutelo. Nela aparece Dorotea sentada nunha cadeira ao carón da radio que lle mandou o seu irmán, emigrado nos Estados Unidos. Hai que sinalar o feito de que a radio apareza nunha posición destacada sobre outra cadeira que a muller suxeita co seu brazo.



*No dial deste exemplar lese London, Berlín, Rome, Japan.*



*Os canteiros de Millarada na  
construcción dunha ponte en Portugal  
(Foto cedida pola familia Ramos)*

## 6. Os oficios da Terra de Montes

Se a muller na Terra de Montes estaba vinculada a tódolos traballos domésticos, ao tecido e ademais á maior parte dos traballos da terra e co gando, había outras tarefas que quedaban de maneira exclusiva dentro da esfera masculina. Falamos dalgúns oficios que antigamente había en case tódalas aldeas e parroquias porque respondían ás necesidades básicas dos seus veciños. Algúns oficios, ademais, estiveron intimamente ligados coa Terra de Montes, caso dos cereiros e dos canteiros.

En esencia podemos falar de dous tipos de oficios diferentes: os itinerantes e os oficios de taller. Na rexión a itinerancia correspóndelle sobre todo aos canteiros e isto lles confire unhas características diferenciais respecto dos outros. Son xente que bota moitos meses lonxe da casa, marchan en cuadrilla e teñen unha forte identificación de grupo que se reflicte no feito de falar nunha identificación de idioma propio: o verbo xido.

A profesión de canteiro tivo unha grande importancia porque xerou unha forte identidade co territorio da Terra

de Montes, pero ademais porque as súas obras visibles e por veces monumentais contribuíron, xunto co traballo dos albaneis e peóns camiñeiros, á construción da paisaxe agraria.

Os demais oficios e profesións (carpinteiros, cereiros, ferradores) son máis de taller. Trátase de persoas que traballan pola súa conta, con axuda dalgún aprendiz ou son pequenos talleres carácter familiar, como era habitual no caso dos cereiros. De calquera xeito, os seus desprazamentos eran limitados á consecución da materia prima e á venda por Galicia adiante (caso dos cereiros) ou só se movían polo territorio inmediato (caso dos carpinteiros de armar).

En tódolos casos a aprendizaxe do oficio comezaba xa dende a infancia. Os nenos comezaban como aprendices no taller dalgún artesán ou marchaban coas cuadrillas de canteiros como pinches. Era habitual que traballasen pola comida e non cobrasen un salario oficial ata que non aprendesen o oficio.

## Os oficios da madeira

Antigamente, a madeira era unha das principais materias primas das que estaban feitos moitos dos obxectos cotiás que se empregaban en Galicia e na Terra de Montes. Por este motivo sempre foron moi importantes os oficios vinculados á madeira: os serranchíns, os carpinteiros e os zoqueiros.

Os serranchíns eran os que se encargaban de cortar a madeira e do seu primeiro procesamento. Seleccionaban as árbores, facíanlle unha fenda coa machada e

derrubábana co tronizador. Despois levábana ao serradoiro e cortábanas en táboas.

O carpinteiro compráballe os materiais ao serranchín e despois encargábase de fabricar diversos obxectos. Normalmente traballaban na súa casa, nun cuarto acondicionado como taller ou nunha construción anexa. Eran os que facían a maior parte do reducido mobiliario doméstico como os chineiros, as camas, os bancos ou os escanos, pero tamén parte da vaixela coma pratos e cuncas que tamén podían ser de madeira.

Ademais, eran os responsables de facer e amañar gran parte dos trebellos do campo ata que se foi impondo o ferro: facían carros, arados, xugos, sementadoras... Algúns especializábanse en colocar as armaduras das casas e recibían por iso o nome de carpinteiros de armar. Moi relacionado con estes estaba o zoqueiro. Adoitaba traballar no seu taller pero tamén podía ir polas casas. Fundamentalmente facían zocos, zocas e amañaban calquera tipo de calzado. As zocas eran integramente de madeira, e se usaba para non mollar os pes. Os zocos pola contra tiñan o piso de madeira e o resto era de coiro; eran tamén máis altos cas zocas, chegando a cubrir un pouco máis arriba dos nocellos. As ferramentas máis habituais dos zoqueiros eran o machado para desbastar a madeira, a aixola que lle vai dando forma, coas trades facíanse buratos e coas gubias e llergas labrábanse o interior das zocas.



*Non cases con ferreiro,  
Que o queiman as muxicas;  
Casa cun carpinteiro,  
Que fai cousas bonitas.*

## Peza destacada: A mesa do carpinteiro

Unha das pezas destacadas en relación aos oficios da madeira, é a mesa do carpinteiro. Trátase dunha caixa tamén de madeira cunha balda no medio que usaba o artesán para depositar sobre ela as súas ferramentas máis habituais.

No CETMo temos unha boa selección das diferentes ferramentas que empregaban no seu traballo diario: os serróns para cortar; a aixola para desbastar. Tamén podemos ver garlopas para endereitar as táboas, o

garlopín para axeitar as beiras, os cepillos para rebaixar as madeiras e as trenchas, gubias e berbequís para facer buratos.

A mesa é o lugar onde se fan ademais gran parte dos traballos do carpinteiro. Cando hai que axeitar unha táboa ou calquera outro elemento de madeira, colócase sobre a mesa, suxéitase co sarxento e xa se pode comezar a manipular.



*Os canteiros de Millarada na construción dunha ponte en Portugal (Foto cedida pola familia Ramos)*



*Francisco Gil Vidal, canteiro de Cerdedo traballando un sillar na estación de ferrocarril de Burgos para MZOV (Foto cedida pola familia Gil Pita)*


## Os arghinas de Terra de Montes

Se hai unha profesión que identifique á Terra de Montes esa é a dos canteiros ou arghinas na súa xerga propia. Non só había un importante número de persoas que se dedicaban ao oficio da pedra, senón que tamén gozaban dunha consideración social maior ao das outras profesións, como o testemuña a cantiga: O mes de Santos vai vindo / Os canteiros van baixar, / xastriños e zapateiros / xa vos podedes retirar.

A fama dos canteiros de Terra de Montes remóntase probablemente aos tempos do románico e segue vixente ata os nosos días. Quizais un dos máis coñecidos fose o mestre canteiro Pedro Monteagudo, nado en Santa Baia de Castro polo 1633 e responsable das fachadas do mosteiro de Oseira e de Sobrado. Pero moitos outros canteiros máis anónimos participaron en traballos por todo o territorio peninsular: o edificio de Telefónica de Madrid ou o lousado da Praza Maior son algúns exemplos máis próximos no tempo.

Mais era unha profesión dura e ambulante. Marchaban no mes de marzo, cando comezaban a cantar os paxaros e non retornaban ata o mes de Santos (novembro) co diñeiro gañado durante todo o ano. Os seus destinos de traballo eran tanto o territorio peninsular, coma o Sur de Francia e Portugal.

Os canteiros comezaban a traballar polos 11 ou 12 anos, como pinches. Viaxaban co seu mestre e coa cuadrilla acompañados doutros canteiros nos seus desprazamentos anuais. Ata mediados do séc. XX era habitual que polo camiño durmisen en alboios ou paleiros e non eran infrecuentes os roubos. Cando chegaban ó lugar de traballo o pinche era o que daba servizo de auga, lavaba os picos ao ferreiro, daba servizo de cal e barro... Conforme ía pasando o tempo xa comezaba a manexar o pico podía desempeñar (preparar a cara labrada da pedra) e a escuadrar (deixar a pedra lisa e dereita). Pouco a pouco aprendía a desbastar para darlle forma á pedra, primeiro baixo a supervisión do canteiro e despois xa pola súa conta. Pasados uns tres anos o aprendiz xa pode chegar ao grado de canteiro e gañará o dereito a recibir un soldo. Pero seguirá aprendendo a apiconar, labrando



*Dous canteiros galegos na década de 1950 (Fotografía de Blanco)*

- De onde son os canteiros que pasan a ponte de pedra.  
- Son de Tomonde e Quireza, que marchan para Compostela.



*Detalle dos punteiros dos canteiros que temos no CETMO*



*Canteiros de Millarada descansando. En primer plano Constantino Ramos. Anos 50 (Foto cedida pola familia Ramos)*

a pedra con pico e non con cicel, a labrar que consiste e pulir con lima e a colocar as pedras nos muros.

En determinados lugares os canteiros diferenciábanse dos pedreiros. Estes últimos eran os que se encargaban de tirar a pedra das canteiras. O mesmo que os serranchíns aos carpinteiros. Pero tamén era frecuente que os canteiros se encargasen eles mesmos da extracción.

No CETMO podemos ver, xa na planta baixa, unha boa mostra das ferramentas que usaban os arghinas. Durante moito tempo tiveron que transportalas ao lombo dentro dun saco, nunha cesta ou nun caixón de madeira. As ferramentas máis habituais son os picos, os punteiros, os ciceis, os mazos, as escuadras...

Moitos dos canteiros seguiron conservando a súa profesión incluso na emigración e coñécense obras importantes en Ultramar nas que traballaron os profesionais da rexión. Un dos exemplos foi o Republic Bank Center en Houston, Texas construído por unha empresa de dous canteiros nados en Pardesoa (Forcarei). Eles mesmos fixeron tamén o monumento funerario a John F. Kennedy no cemiterio de Arlington e o sartego do seu irmán Robert.

En definitiva o labor dos canteiros non só foi importante pola súa transcendencia económica na Terra de Montes senón porque ademais foi unha das profesións que contribuíu en maior medida a configurar a súa paisaxe tradicional. Esa paisaxe da pedra traballada comezou a mudar drasticamente a súa partires dos anos 1960, coa introdución de novos materiais construtivos: o cemento e o ladrillo.



Republic Bank Center de Houston, EE.UU.  
(Foto propiedade de Ángel Sieiro)

## O verbo xido

*Eu son un pobre canteiro,  
sempre na pedra a picar;  
ao que nace para ser pobre,  
pouco lle vale traballar.*

Os canteiros ao igual que outras profesións ambulantes coma os afiadores, ou os cesteiros tiñan unha xerga propia. o chamado verbo xido, ou fala fermosa.

Non está clara cal é a súa orixe pero algúns autores apuntan que podería estar relacionada coa chegada no séc. XVI a Galicia de mestres canteiros cántabros e vascos, pola presenza no verbo de numerosos termos procedentes do euskera. O certo é que a propia natureza itinerante do oficio fixo que se incorporaran vocábulos procedentes do francés, portugués e castelán.

Pero o seu léxico é máis complexo porque se compón de palabras galegas de pouca difusión, en moitos casos palabras cun significado diferente ao da fala común, termos disfrazados con prefixos ou sufixos, verbas de creación propia e tamén incorporacións doutros idiomas. A xerga dos canteiros, coma o barallete dos afiadores, naceu cunha finalidade eminentemente práctica coma medio de comunicación interna entre os profesionais. Gran parte dos termos refírense ás ferramentas e aos procesos de traballo coa pedra e non se podía chegar a ser un bo canteiro sen coñecer o verbo.

Pero chegou a ser tamén un importante signo identitario, de orgullo da profesión. Normalmente falábase cando estaban traballando lonxe da terra, pero era raro no lugar

de residencia, agás en momentos concretos que esixían certo secretismo. E así temos mostra dun importante conxunto de folclore, na súa maior parte cantigas: Verbo xido, miña purria,/ que intervas por areona,/ heiche de aniscar os zuros/ e mais rosmarache a morrona.

A maior parte das xergas dos oficios foron desaparecendo paseniño ao longo do séc. XX, a medida que estes oficios esmorecían fronte as novas necesidades do mundo moderno. Sen embargo xa dende a década de 1950 comezouse a recompilar esta fala. Na actualidade hai recollidos en torno a uns 5000 termos pero desgraciadamente xa quedan poucos que falen ou simplemente comprendan a fala dos arghinas.



José Gil Sánchez (1º a esquerda), canteiro de Cerdedo coa súa cuadrilla de traballo nun momento de lecer (Foto cedida por la familia Gil Pita)



## Sobre cirios e abellas: Os cereiros

Na sociedade do Antigo Réxime a cera era elemento imprescindible para os cirios que alumeaban os santos nas igrexas, nos velorios acompañando aos defuntos e para exvotos, tal e como vimos na sección dedicada á relixión. Tamén eran de uso frecuente nas casas.

Hoxe en día é un artigo barato e doado de conseguir e feito a base de parafina, pero antigamente a cera era cara. Daquela a única maneira de facer os cirios era coa cera que producían as abellas nas súas colmeas. A Terra de Montes, como outras zonas de media montaña galega, tiña unhas condicións ideais para a apicultura. Isto fixo que aquí se asentara unha próspera industria de cereiros, tamén coñecidos como borreiros.



Era frecuente que a xente tivese alvarizas en anacos despexados de monte, con boa pero non excesiva insolación e protexidas dos duros ventos invernales. Por suposto era unha actividade secundaria e complementaria do traballo no agro, pero que permitía obter o principal edulcorante natural, o mel.

O traballo dos cereiros comezaba coa castración das colmeas. Isto non era máis que coller os panais unha vez sacado o mel. Os artesáns, aínda que podían ter colmeas propias, para garantir un certo nivel de produción normalmente tiñan que percorrer as aldeas cun chifre na boca coma os paraugueiros, para conseguir unha cantidade de cera extra. Normalmente non compraban os panais senón que os conseguían a cambio de tirarlle o mel aos propietarios.



*Sindo Espiña castrando a cera das colmeas  
(Fotos cedidas pola familia Espiña)*

*Sindo e Pepe Espiña poñendo velas no obradoiro de cera*



*As diferente ferramentas do cereiro  
(Debuxo de Alfredo González Ruibal)*

Conseguidos os panais, eran transportados e levados a un lagar semellante aos do viño, onde se lles quitaba as impurezas. Comezábbase cocendo os panais nunha caldeira de gran tamaño chea de auga e cera. Cando estaba quente sacábase cuns grandes cazos, metíase na cuba do lagar e prensábase. A diferenza de densidade permitía separar a cera da auga. Unha vez solidificada, o resultado era cera pura que xa case estaba lista para traballar.

Despois disto a materia prima podía ser usada tanto para facer exvotos como cirios. Os primeiros tiñan un proceso de traballo moi sinxelo porque non había máis que derreter a cera e vertela nun molde de madeira ou xeso.

As candeas tiñan máis traballo. A ferramenta máis importante para os cirios era a roda da que colgaban as mechas feitas de algodón que se chamaban pábilos ou pabíos. Os pábilos íanse bañando nun recipiente, o noque, cheo de cera que se mantiña en estado líquido dándolle calor por debaixo. Había que bañalos e deixalos que se arrefríen de maneira que acadasen o grosor

desexado. De vez en cando hai que pasalos polas formas ou talladeiras (lámina de metal con buratos) para que a feitura sexa homoxénea. Despois disto descolgábanse, cortábanse as puntas, pasábanse á mesa de brunir e xa se podían empacquetar.

As cererías foron esmorecendo pouco a pouco a medida que a cera de abella íase substituíndo pola parafina, de peor calidade pero moito máis barata e fabricada con métodos de traballo máis industriais. Hoxe en día a maior parte das candeas fabricanse con parafina, pero resérvase a cera pura para alumear o altar das igrexas ou ao Santísimo.

A igrexa era por suposto o principal cliente dos cereiros, pero tamén os particulares mercaban unha grande cantidade de cera nas romarías. Na rexión a máis importante dende o punto de vista das vendas era O Corpiño (Lalín). Alí colocábase un posto e vendían cirios para as procesións e exvotos para ofrecer aos santos. Nos santuarios tamén aproveitaban para comprar os restos da cera queimada para volver fundir na cerería.



Obxectos do obradoiro de cereiro depositados no CETMo

## Peza destacada: A paila dos cereiros

Unha das pezas máis destacadas da colección do CETMo é a paila dos cereiros. É un grande barreño de cobre que segundo os seus donos é coma pouco do séc. XVIII.

A paila usábase noutro proceso de fabricación diferente e máis antigo. Nela derretíase outra vez a cera e alí mergullaban os pábilos e íanlle botando capas de cera cunha especie de cazos. Para isto precisábase ter un bo pulso. Despois levábanse coma no caso anterior á mesa de brunir onde se pulían para que quedasen sen vultos.

A paila xunto co resto do instrumental do cereiro é un depósito de Gumersindo Ramón Pichel Barrio e pertenceu a Adelino Pichel Espiña, coñecido como o Gaiteiro de Sorribas; os cazos, non obstante, proceden da cerería de Francisco Gutiérrez, a única que existiu no lugar de Fondós (Cerdedo). Antigamente había moitas cererías pola comarca de Terra de Montes. Probablemente a máis antiga era a da Casanova en Forcarei, pero tamén había no lugar da Ponte, en Dúas Igrexas, en Cobas, Rozados, Fondós...



## Batendo o ferro

Outro oficio de grande relevancia Terra de Montes foi o dos ferreiros. Á diferenza dos borreiros e canteiros, traballaban no seu taller e só excepcionalmente se desprazaban para facer os seus traballos.

O seu taller adoitaba ter fama de ser un lugar de reunión para os veciños onde se contaban as novidades. O traballo tiña sonda de porcallento, porque sempre andaba coa borralla, duro porque era moi esixente fisicamente e difícil porque debía dominar toda unha serie de complicadas técnicas.

A súa importancia viña dada porque se dedicaban principalmente a facer e amañar boa parte das ferramentas agrícolas dos seus veciños. Da forxa saían chaves, fources, camas, gramalleiras, cazolas, tesoiras, tixolas, sachos... Tamén afiaban fources, reparaban sachos...

O elemento principal do taller era a fornalla ou fornalleira, unha especie de caixóns sobre 4 pes no que se prende o lume e se quenta nos ferros. Ao carón da fornalla está o fol que se acciona cunha man e serve para avivar o lume. O outro instrumento fundamental é a zafra que é a base sobre a que se traballa o metal e sempre está colocada sobre un cepo de madeira. As ferramentas coas que traballa son os martelos de diferentes tamaños para golpear e dar forma aos ferros, as tenaces para suxeitalos, mazas, o tronzafríos...

No CETMo temos unha mostra das ferramentas dunha especialidade concreta de ferreiro: o ferrador. A súa tarefa consistía en amañar e poñerlle as ferraduras aos cabalos

e ás vacas, aínda que tamén podía amañar todo tipo de trebellos. Para aferrar un animal normalmente había que retirar primeiro a ferradura vella. Logo recortaba co que sobrava do casco e comprobábase se a ferradura se axustaba correctamente; se non corríxíase a apertura baténdoa co martelo sobre a zafra. Acto seguido volvíase a axustar os cascos e metíanselle os cravos.

*Non te cases cun ferreiro,  
que é moi malo de lavar,  
cásate cun mariñeiro  
que vén lavado do mar.*



*Interior da forxa do Pitirro (Cachaifeiro, Forcarei).*

Unha familia labrando cun arado de ferro en Cerdedo, no ano 1959 (Foto de Virxilio Viéitez)



*Ai Carmiña, Carmiña Carmela,  
ven comigo mallar o centeo;  
o centeo, o centeo na eira,  
ven mallar comigo miña compañeira*

## 7. Da leira á lareira

### De sol a sol: o traballo do campo

Na Terra de Montes o traballo da terra normalmente era responsabilidade das mulleres. A emigración, que foi esencialmente masculina e o traballo dos canteiros que estaban fora da casa, xustamente nas épocas de maior traballo agrícola, determinou que foran as mulleres as que levaran o peso do traballo no campo.

O traballo do campo era duro, intenso e ocupaba as horas nas que facía máis calor, para aproveitar ao máximo a luz do día. A enorme variedade de instrumental agrario que vemos no CETMo danos unha idea da diversidade de traballos que se facían no campo. A especialización das ferramentas resulta sorprendente. Así por exemplo temos diversos tipos de fouces segundo sexa a súa función: fouciños para cortar a herba, fouces para as silvas, galletes para o centeo, podas para as ramas... O mesmo acontece coas ferramentas de sachar a terra: sacho para cavar, legón para as estivadas, picaña para xuntar o esterco...

Os instrumentos agrícolas adoitaban gardarse na planta baixa das casas, nas mesmas cortes, compartindo espazo coas vacas. Os trebellos de menor tamaño como os fouciños, ou os sachos colgábanse das paredes ou espetábanse entre as fendas das pedras. Os máis voluminosos, pola contra coma o carro ou arado podían gardarse en ocasións nun alboio específico.

As casas pretendían ser na medida do posible unidades de produción autosuficientes e por iso dispuñan dos apeiros necesarios para as distintas fases do traballo agrícola. Porén, as mans da casa non sempre eran dabondo e por iso no mundo rural foi fundamental o traballo comunitario e as axudas dos veciños. Isto permitía optimizar os labores do campo cando se concentraban nun período moi curto de tempo e permitía manter a cohesión veciñal da aldea. Non tódolos traballos se facían de forma colectiva senón algúns concretos como a malla do centeo, a esfolia do millo, a sega, a debulla, as espadelas e as carretadas de material para a construción dunha casa ou a limpeza dos camiños.



*Gadañando en Soutelo de Montes, cara 1958  
(Foto de Virxilio Viéitez)*

*Mulleres achandando os terróns no campo  
(Foto de Virxilio Viéitez)*




Na extensa colección de trebellos agrícolas do CETMo podemos observar a evolución que se produce dende finais do séc. XIX, cando os apeiros son de madeira, ata a década de 1960 na que os arados, as sementadoras e as sachadoras son totalmente de metal. Os cartos chegados da emigración permitiron unha renovación do material agrícola que se completou nas décadas de 1960-70 cunha parcial mecanización do agro coa introdución dos tractores.

Algunhas das ferramentas que podemos ver no CETMo son claros indicadores culturais. Unha mostra disto son os xugos. Na Terra de Montes hai constancia do uso de dous tipos de xugos que son os de canga ou cangallas (a maior parte dos expostos) e o de brigueiros (o que se ve no carro). Os primeiros son os que predominan na zona de Forcarei e destacan por ser as pezas máis decoradas de todo o mobiliario agrícola. A decoración soe representar

fundamentalmente motivos xeométricos feitas a gubia (rosetas, hexasquejs...), moi semellantes aos que fan os canteiros na zona. É frecuente que leven tamén as iniciais do propietario gravadas. Tamén hai xugos de brigueiros en Beariz, pero moito menos decorados, mentres que en Cerdedo danse os dous tipos, sendo os de brigueiros os máis parcos en decoración. En liñas xerais parece que hai unha coincidencia entre a zona onde a cantería é máis importante e a predominancia dos xugos de cangallas decorados.

Os xugos van enganchados no carro sobre o pescozo das vacas ou dos bois e polo tanto son elementos moi visibles. En consecuencia, todos estes elementos que aparecen profusamente decorados están a xogar un importante papel como identificadores da casa e moitas veces como obxecto de prestixio.



Partes do arado de pau. Arado de Portomartiño (Lalín)

## Peza destacada: o besadoiro

O besadoiro que se pode ver no piso de abaixo é unha das pezas máis excepcionais do CETMo, porque coñécense moi poucos exemplares deste arado en Galicia. A fortuna fixo que fora rescatado en Quintelas dun monte de leña que ía ser botada ao lume.

O besadoiro, non obstante, tivo unha grande importancia na configuración da paisaxe agraria galega. O seu uso estivo relacionado coa apertura de novas terras ao cultivo, polo que debeu xogar un papel esencial na introdución do millo en Galicia. Na Terra de Montes parece que tamén se usou para as terras onde se ía sementar centeo.

A súa morfoloxía era singular, diferente do arado cadrado típico da zona. Era de gran tamaño e normalmente había que transportalo nun carreto (avantrém), tiña 3 rabelas para agarralo, un temón (que o de Quintelas perdeu) que se apoiaba no carreto e un gran dente no que se cravaba a rella que penetraba na terra.

Tiraban del unha parella de bois, aínda que noutras zonas de Galicia parece que deberon usar ata 4 parellas dadas as súas grandes dimensións. Detrás guiábo unha persoa experta que suxeitaba a rabela central, axudada por dúas persoas máis que agarraban as laterais. Diante ía outra persoa guiandoos e a carón de cada xugada tamén debía haber homes afalando. A medida que se ían facendo os regos, un grupo de xente ía armada con sachos rompendo os terróns e achanzando a terra.

Este traballo chamábase besada e facíase nas agras, grandes extensións de terra que pertencían a varios donos pero se dedicaban a un só cultivo. Xuntaba un gran número de persoas e transcorría no ambiente festivo típico dos traballos comunais. Íase moi cedo. A media mañá tomábase un pouco de viño con pan de millo. Polo mediodía facíase unha comida conxunta no medio da agra e seguíase ata o solpor.



Xugo de chanchiles, decorado con motivos xeométricos e vexetais. A Madalena (Forcarei)




## A lume manso: A alimentación

No piso baixo do CETMo hai unha recreación dunha cociña tradicional coa súa lareira. Nas vivendas de Terra de Montes e de toda Galicia esta era a dependencia máis importante da casa, a máis grande e tamén a máis chea de mobiliario.

Era frecuente que se atopara na planta baixa comunicada coas cortes como formando parte dun mesmo traballo, pero en ocasións tamén podía estar no piso de arriba. A cociña era o lugar da casa onde se pasaba a maior parte do tempo. Usábase para comer, para durmir, recibir visitas... Este espazo foi un dos que experimentou máis transformacións dende mediados do séc. XX. Nas casas que comezaron a construír os emigrantes, ademais dun incremento das divisións interiores, a cociña foi reducindo progresivamente o tamaño, perdendo o seu significado como lugar central e recollendo o papel propio da sociedade capitalista como lugar onde só se procesa o alimento.

Nun lugar destacado estaba a lareira sobre a que se acendía o lume tanto para cocinar coma para quecerse. Sobre o lume adoitábase poñer un pote de ferro de tres pes ou colgando do teito por unha especie de cadea (gramalleira). O moble máis importante normalmente era a



Organización do interior dunha cociña tradicional



A matanza do porco  
(Foto de Virxilio Viéitez)



Cociña do CETMo

artesa, onde se amasaba e gardaba o pan, pero que tamén se usaba como mesa para comer e cear. Completaban o mobiliario varios bancos para sentarse, un chineiro para gardar a louza... A vaixela estaba composta por cacharros de madeira: pratos e cuncas e algúns elementos de cerámica. Na Terra de Montes non había produción oleira e por este motivo os cacharros que se usaban viñan de Buño (Malpica, A Coruña) ou de Niñodagua (Ourense).

A cociña está intimamente ligada ao procesado de alimentos dos cales o máis importante era o pan, feito nas casas labregas con millo, centeo ou trigo. A introdución do millo en Galicia no séc. XVII é transcendental porque fixo que melloraran moito as condicións económicas e alimentarias dos campesiños debido ao seu maior rendemento respecto dos cereais tradicionais: trigo, centeo e millo miúdo. O pan que comía o labrego case tódolos días era, por tanto, o pan de millo ou o de centeo. O pan branco, de trigo era un luxo ocasional que só en ocasións especiais se comía. O millo móiase nos muíños, a fariña amasábase dentro da cociña, na artesa e despois cocíase no forno que tamén estaba na cociña.

Un dos alimentos importantes no mundo rural era o porco.

*Adiós, martes d'antroido  
adiós, meu amiguiño  
hasta domingo de Pascua  
xa non como máis touciño.*

No CETMo hai unha importante colección de ferramentas relacionadas coa matanza e procesado deste animal. A matanza era un acontecemento no que participaba toda a familia e podían axudar os veciños. Pero non se comía porco tódolos días. O consumo de carne era máis ben escaso, reducíndose a datas sinaladas, festas, comidas de enterros ou relacionadas cos traballos comunais. Os xamóns do porco, por exemplo, reservábanse para a venda, así como os ovos das galiñas. A carne de vacún era moi excepcional e había que mercala na carnicería porque os animais da casa eran ferramentas fundamentais para o traballo no campo. Ademais, había limitacións relixiosas ao consumo cárnico durante a Coresma.



*A presenza do millo na Terra de Montes data do ano 1640*

A comida máis habitual era o caldo que se facía fervendo dentro do pote unhas verzas con fariña, patacas, unhas fabas, un anaco de touciño, cando o había, e un oso para dar sabor que se usaba repetidas veces. A cociña sempre se facía devagar, a lume manso, con coccións prolongadas que permitiran atender ao resto das tarefas. Os asados eran moi excepcionais e case sempre se daban nas casas fortes, polo menos ata que os costumes culinarios traídos polos emigrantes arxentinos e uruguaios puxesen de moda nos anos 1970 os churrascos.



*A máquina de bater a manteiga do CETMo*



## 8.0 CETMo: Actividades

O CETMo non é só un escaparate dende o que se amosa a cultura material da sociedade tradicional agraria na Terra de Montes, senón que ademais está comprometido coa difusión e divulgación cultural a través da realización de numerosas actividades, en colaboración coa Asociación Ecoloxista e Cultural de Terra de Montes “Verbo Xido”.

Dentro do seu labor didáctico, promove visitas guiadas dirixidas a escolares de centros de ensino, a asociacións, colectivos da terceira idade e outras institucións interesadas. Así mesmo, organiza exposicións temporais, talleres temáticos, charlas, etc. Se queres visitar o CETMo, participar nalgunha actividade ou estás interesado en colaborar connosco, escríbenos [xerenciacetmo@gmail.com](mailto:xerenciacetmo@gmail.com) ou chámamos ao 986756191 / 696513033



# 9. Bibliografía

Barreiro Rivas, Xosé Luís; 2005: «Facendo historia sen fontes, os canteiros de Terra de Montes», en Forcarei : *historia fotográfica do século XX*. Pontevedra : Servicio de Publicacións, Deputación Provincial de Pontevedra.

Caamaño Suárez, Manuel; 2003: *As construcións da arquitectura popular : patrimonio etnográfico de Galicia*. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.

Castro, Xabier; 2007: Historia da vida cotiá en Galicia : séculos XIX e XX : servir era o pan do demo. Nigratea.

Fernández Cortizo, Camilo; 1978: «A una misma mesa y manteles. La familia en la Tierra de Montes a mediados del siglo XVIII». En *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII.

Fernández Prieto, Lourenzo; 1992: *Labregos con Ciencia*. Xerais

González Reboredo, Xosé Manuel; 1979: «El arado de madera en Galicia». En *Gallaecia*. 3-4.

González Reboredo, Xosé Manuel; 1984: «O estudo do instrumental agrícola paleotécnico de Galicia: Unha aproximación». En *I Coloquio de Antropoloxía de Galicia*. Museo do Pobo Galego (4-6 febreiro 1982), Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 45.

González Ruibal, Alfredo; 2003: *Etnoarqueología de la emigración : el fin del mundo preindustrial en Terra de Montes (Galicia)*. Deputación Provincial de Pontevedra

Liste Fernández, Araceli Mercedes; 1988: *El besadoiro y su ergología*. Publicaciones de la Diputación de Pontevedra.

Liste Fernández, Araceli Mercedes; 1994: «O Vesadoiro: historia e funcionalidade». En *Simposio Internacional in Memoriam Xaquín Lorenzo* (1994. Ourense). Ourense, 13 ó 15 de outubro de 1994. Consello da Cultura Galega, Ponencia de Antropoloxía Cultural.

Lisón Tolosana, Carmelo; 1979: *Antropología cultural de Galicia*. Akal.

Llano Cabado, Pedro de; 1996: *Arquitectura popular en Galicia : razón y construcción*. Edicións Xerais

Lorenzo Fernández, Xaquín; 1982: *A casa*. Edicións Xerais.

Lorenzo Fernández, Xaquín; 1982: *A terra*. Edicións Xerais.

Lorenzo Fernández, Xaquín; 1983: *Os oficios*. Edicións Xerais.

Raposeiras Correa, José (Coord.); 2007: A procura da nosa identidade. Terra de Montes. Deputación de Pontevedra.

Rodríguez Fraiz, Antonio; 1982: *Canteiros e artistas de Terra de Montes e Ribeiras do Lérez*.

Rozados, Francisco (coord.); 2005; *Forcarei : historia fotográfica do século XX*. Servizo de Publicacións, Deputación Provincial de Pontevedra.

Saavedra Fernández, Pegerto; 1992: *A vida cotiá na Galicia de 1550-1850*. Universidade de Santiago de Compostela.

Solla, Calros; 2009: *Cantares de Manuela de Barro. Achegas ao cantigueiro de Cerdedo*. Edicións Morgante. Colección Cerdedo in the Voyager.

Solla Varela , Carlos; 2002: Cerdedo: Materiais para o estudo da freguesía de San Xoán de Cerdedo. Inventario xeral. Ediciones Cardeñoso.

Solla Varela , Carlos; 2010: Almanaque de encantos. Mitoloxía na Terra de Cerdedo.

Solla Varela, Carlos; 2011: *O verbo xido. A fala secreta dos canteiros de Cerdedo*. Edicións Morgante.

Vázquez Pintor, Xosé; 2004: *Tal era vivir*. Edicións Xerais.

Viéitez, Virxilio; 2000: *Virxilio Viéitez*. Centro de Estudos Fotográficos.